

SESION EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE 30 DE XUÑO DE 2023

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Sres. Deputados:

D^a. Carmen José López Rodríguez
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D. Miguel Fernández Méndez
D. Pablo Rivera Capón
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Efrén Castro Caloto
D^a. Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D^a. María del Pilar García Porto
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Daniel García Fernández
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D. José Tomé Roca

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as doce horas e dez minutos do día **trinta de xuño de dous mil vinte e tres**, reúnen os señores Deputados electos da provincia de Lugo, á marxe relacionados, para o obxecto de celebrar sesión constitutiva da Deputación, ao ser o quinto día da proclamación de Deputados que se realizou na provincia; todo elo para dar cumprimento ao preceptuado no art. 207 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, Lei 5/1985 de 19 de xuño; no art. 57 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86 de 26 de novembro; e nos arts. 46 a 51 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 1/18 |



Polo señor Secretario Xeral dáse inicio á sesión, dando lectura á lexislación que regula a celebración do acto, e intervén no seguinte sentido:

“De acordo co establecido nos artigos 206 e 207 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, e no artigo 57 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e con base na convocatoria realizada ao efecto, dase inicio á sesión pública constitutiva da Corporación da Deputación Provincial de Lugo, de acordo cos puntos recollidos na orde do día”.

ORDE DO DÍA

1º.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN PROVINCIAL, XURDIDA DAS ELECCIÓNS MUNICIPAIS CELEBRADAS O DÍA 28 DE MAIO DE 2023.

Intervén o Sr. Secretario, no seguinte sentido:


“As Xuntas electorais de Zona expediron certificacións comprensivas dos Sres. Deputados e Sras. Deputadas Provinciais electos e electas, por Partidos Xudiciais e Partidos Políticos, Asociacións e Federacións, que son os seguintes:

PARTIDO XUDICIAL DE LUGO

Partido Popular:

- D^a. Carmen José López Rodríguez
- D. Antonio Amejjide Osorio
- D. José Pardo Lombao
- D. Francisco Javier Balado Teijeiro
- D. José Angel Santos Sánchez
- D. Jesús Manuel Núñez Díaz

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 2/18 |





Partido Socialista
de Galicia-PSOE:

- D. Miguel Fernández Méndez
- D. Pablo Rivera Capón
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. Iván Castro Díaz

Bloque Nacionalista
Galego:

- D. Efrén Castro Caloto
- D^a Iria Castro Fernández

PARTIDO XUDICIAL DE A FONSAGRADA

Partido Socialista
de Galicia-PSOE:

- D. Carlos López López

PARTIDO XUDICIAL DE CHANTADA


Partido Popular:

- D. Javier Varela Pérez

Partido Socialista
de Galicia-PSOE:

- D^a. María del Pilar García Porto

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 3/18 |



PARTIDO XUDICIAL DE VILALBA

Partido Popular:

- D. Armando Castosa Alvariño

Partido Socialista
de Galicia-PSOE:

- D^a. María Sol Morandeira Morandeira

PARTIDO XUDICIAL DE MONDOÑEDO

Bloque Nacionalista
Galego:

- D. Daniel García Fernández

Partido Socialista
de Galicia-PSOE:

- D^a. Mayra García Bermúdez
- D. Francisco Cajoto Caserío

Partido Popular:

- D. José Demetrio Salgueiro Rapa
- D. José María Fernández Vázquez
- D. Clemente Iglesias González

PARTIDO XUDICIAL DE MONFORTE DE LEMOS


Partido Popular:

- D. Luis Fernández Guitián

Partido Socialista
de Galicia-PSOE:

- D. José Tomé Roca

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 4/18 |





A continuación por parte do señor Secretario Xeral manifestase que de acordo co disposto na normativa, anteriormente citada, co obxecto de constituir a Corporación e, posteriormente, á elección do Presidente ou Presidenta, procederáse á constitución da Mesa da Idade.

E unha vez comprobadas as credenciais expedidas polas Xuntas Electorais de Zona, e comprobada a presentación ante a Secretaría Xeral das correspondentes declaracións de intereses, os deputados electos de maior e menor idade son: o Deputado electo de maior idade é D. José Pardo Lombao; e o Deputado electo de menor idade é D. Iván Castro Díaz.

En consecuencia, o señor Secretario Xeral prégalle a D. José Pardo Lombao ao ser o deputado electo de maior idade para que se achegue ao atril e preste promesa ou xuramento baixo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979 e, posteriormente, se incorpore á Mesa da Presidencia.

Polo Sr. Deputado D. José Pardo Lombao procédese ao xuramento ou promesa do cargo do seguinte xeito:


“Prometo, pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado da Deputación Provincial de Lugo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Unha vez prestada promesa polo deputado de maior idade, o Sr. Secretario Xeral prégalle a D. Iván Castro Díaz, ao ser o deputado electo de menor idade, que se achegue ao atril e preste promesa ou xuramento baixo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979 e, posteriormente, se incorpore á Mesa da Presidencia.

O Sr. Deputado D. Iván Castro Díaz procede ao xuramento ou promesa do cargo do seguinte xeito:

“Prometo, pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado da Deputación Provincial de Lugo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 5/18 |



Unha vez prestado o xuramento ou promesa, polo señor Secretario manifestase que queda constituída a mesa de idade.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Pardo Lombao, Presidente da Mesa de Idade, no seguinte sentido:

“Unha vez constituída a mesa de idade, procede tomar xuramento ou promesa aos demais deputados e deputadas electos xurdidos das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio do 2023.

Por elo, prégoles aos señores e señoras deputados e deputadas electos, para que, á chamada do Sr. Secretario, se acheguen ao atril e procedan a prestar xuramento ou promesa.

Dito xuramento ou promesa faráse de acordo coa fórmula prevista no Real Decreto 707/1979.

O chamamento faráse de acordo coa orde reflectida nas “Actas de proclamación”, expedidas polas Xuntas Electorais de Zona”.

A continuación o Sr. Secretario Xeral procede ó chamamento a cada un dos Deputados e Deputadas para que presten xuramento ou promesa do cargo.


Os señores Deputados e Deputadas prestan xuramento ou promesa do cargo no seguinte sentido:

“Xuro/prometo, pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado da Deputación Provincial de Lugo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

D^a. Carmen José López Rodríguez , “xuro”

D. Antonio Ameijide Osorio, “xuro”

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 6/18 |






- D. Francisco Javier Balado Teijeiro, “prometo”
- D. José Angel Santos Sánchez, “xuro”
- D. Jesús Manuel Núñez Díaz, “prometo”
- D. Miguel Fernández Méndez, “prometo”
- D. Pablo Rivera Capón, “prometo”
- D. Xosé María Arias Fernández, “prometo”
- D. Efrén Castro Caloto, “prometo, por imperativo legal.”
- D^a Iria Castro Fernández, “prometo, por imperativo legal.”
- D. Carlos López López, “prometo”
- D. Javier Varela Pérez, “prometo”
- D^a. María del Pilar García Porto, “prometo”
- D. Armando Castosa Alvariño, “prometo”
- D^a. María Sol Morandeira Morandeira, “prometo”
- D. Daniel García Fernández, “prometo, por imperativo legal.”
- D^a. Mayra García Bermúdez, “prometo”
- D. Francisco Cajoto Caserío, “prometo”
- D. José Demetrio Salgueiro Rapa, “xuro”
- D. José María Fernández Vázquez, “xuro”
- D. Clemente Iglesias González, “xuro”
- D. Luis Fernández Guitián, “xuro”
- D. José Tomé Roca, “prometo”

Rematado o acto de xuramento ou promesa por parte de tódolos/as señores/as Deputados/as, intervén o Presidente da Mesa de Idade, D. José Pardo Lombao no seguinte sentido:

“Unha vez tomada posesión por tódolos membros da Corporación, e polo tanto adquirida a condición de deputados e deputadas, declaro constituída a Corporación da Deputación Provincial de Lugo, xurdida das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023”.

Seguidamente intervén o Sr. Secretario Xeral, para manifestar o seguinte:

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 7/18 |



“Constituída a Corporación faise constar que, de acordo co disposto no art. 36.2 do Real Decreto 2568/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, está a disposición dos Señores/as deputados/as a documentación referente ao arqueo de fondos cos xustificantes das existencias en metálico e valores, nas oficinas da Intervención Provincial, así como a documentación referida ao Inventario de Bens e Dereitos, nas dependencias da Secretaría Xeral.

Feita a anterior manifestación, procede pasar ao segundo punto da Orde do día:

Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230630&punto=1>

2º.- ELECCIÓN DO PRESIDENTE OU PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN.


O Sr. Secretario Xeral anuncia que, en aplicación do disposto no apartado terceiro do artigo 57 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, antes mencionado; no artigo 49 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial de Lugo; e no artigo 14.3 do Regulamento de honras e distincións da Deputación Provincial de Lugo, vaise a proceder á elección de presidente ou presidenta, por votación secreta, en fuma, podendo ser candidatos e candidatas a este cargo todos e todas os señores e señoras deputados e deputadas da Corporación Provincial.

Para resultar elixido ou elixida é necesario obter, en primeira votación, a maioría absoluta dos votos e, en caso de que esta non se producira, procederá a realizar unha segunda votación, na que resultará elixido ou elixida o deputado ou deputada que obteña a maioría simple dos votos.

A continuación intervén o Presidente da Mesa de Idade, D. José Pardo Lombao, no seguinte sentido:

“Prégase aos partidos políticos representados na Corporación que designen as persoas candidatas ao cargo. Para elo o Sr. Secretario chamará ao deputado ou deputada de cada partido

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 8/18 |





político que figura en primeiro lugar das actas de proclamación e por orden de data, todo elo de acordo coas actas remitidas polas Xuntas Electorais de Zona”.

Seguidamente o Sr. Secretario chama en primeiro lugar, polo Partido Popular, a dona Carmen José López Rodríguez, e pregúntalle a quen propón como candidato ou candidata á Presidencia da Deputación Provincial. En segundo lugar, polo Partido Socialista de Galicia-PSOE, o señor Secretario chama a don Miguel Fernández Méndez. E a continuación, polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Secretario chama a don Efrén Castro Caloto.

Sendo os propostos os seguintes:

Polo Grupo Provincial do Partido Popular, don Antonio Ameijide Osorio.

Polo Partido Socialista de Galicia-PSOE, don José Tomé Roca.

Polo Partido do Bloque Nacionalista Galego manifestan que renuncian a propoñer candidato.

Intervén o Presidente da Mesa de Idade, D. José Pardo Lombao, para manifestar o seguinte:

“En consecuencia, rogo ás súas señorías que procedan a emitir o seu voto na tarxeta branca da que dispoñen e, a continuación, o Sr. Secretario chamará ós Deputados e Deputadas, novamente, comezando polos membros da mesa de idade, para que depositen o voto na furna”.

Unha vez escrito o nome na tarxeta branca, o Sr. Secretario procede ao chamamento seguindo a orde da data en que foron remitidas as actas das Xuntas Electorais de Zona e pola orden de colocación que figuran nas mesmas, votando en primeiro lugar os membros da Mesa de Idade, pola seguinte orde:

D. José Pardo Lombao

D. Iván Castro Díaz

D^a. Carmen José López Rodríguez

D. Antonio Ameijide Osorio

D. Francisco Javier Balado Teijeiro

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV70EOSOP1735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70EOSOP1735XEZSBGN552CIA | Página | 9/18 |



D. José Angel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D. Miguel Fernández Méndez
 D. Pablo Rivera Capón
 D. Xosé María Arias Fernández
 D. Efrén Castro Caloto
 D^a Iria Castro Fernández
 D. Carlos López López
 D. Javier Varela Pérez
 D^a. María del Pilar García Porto
 D. Armando Castosa Alvariño
 D^a. María Sol Morandeira Morandeira
 D. Daniel García Fernández
 D^a. Mayra García Bermúdez
 D. Francisco Cajoto Caserío
 D. José Demetrio Salgueiro Rapa
 D. José María Fernández Vázquez
 D. Clemente Iglesias González
 D. Luis Fernández Guitián
 D. José Tomé Roca

O Presidente da Mesa de Idade, D. José Pardo Lombao indica que, efectuada a votación, procédese a computar os votos emitidos polos señores e señoras deputados e deputadas.

E realizado o cómputo, da o seguinte resultado:

D. José Tomé Roca, obtén trece (13) votos.

D. Antonio Ameijide Osorio, obtén doce (12) votos.

A continuación intervén o Presidente da Mesa de Idade, no seguinte sentido:

“Unha vez efectuado o escrutinio dos resultados, tendo alcanzado o Deputado D. José Tomé Roca trece votos, obten a maioría absoluta dos emitidos, polo que, de conformidade co

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV70EOSOP1735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70EOSOP1735XEZSBGN552CIA | Página | 10/18 |





apartado 2º do artigo 207 da Lei Organica 5/85, de reximen electoral xeral, de 19 de xuño, resulta elixido Presidente da Deputación Provincial de Lugo D. José Tomé Roca”.

Seguidamente o Presidente da Mesa de Idade, D. José Pardo Lombao, pregúntalle ao señor Deputado D. José Tomé Roca se acepta o cargo de Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, respostando o Sr. Tomé Roca “si acepto”.

Novamente intervén o Presidente da Mesa de Idade no seguinte sentido:

“Xa que vostede ten aceptado o cargo de Presidente da Deputación Provincial de Lugo, prégoles, novamente, que se achegue ao atril para prestar xuramento ou promesa do cargo, de acordo co disposto no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, que asine no Libro de Ouro da Institución e recolla a insignia, a medalla, e o bastón de mando, e posteriormente pase a ocupar a Presidencia”.

A continuación procédese ao xuramento ou promesa por parte de D. José Tomé Roca, do seguinte xeito:


“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Seguidamente o Presidente da Mesa de Idade felicita ó Sr. Presidente da Deputación Provincial desexándolle moita sorte no desempeño do cargo; achégalle ó Presidente electo o Libro de Ouro para a súa sinatura, e seguidamente entrégalle a insignia, a medalla, e o bastón de mando, dándolle así posesión do seu cargo, pasando a ocupar a Presidencia.

Intervén a continuación o Presidente da Mesa de Idade, D. José Pardo Lombao, no seguinte sentido:

“Señoras e señores, quedo despedirme dándolle as grazas a todos e todas os señores e señoras Deputados e Deputadas, a todo o público en xeral, e ás autoridades, polo desenvolvemento deste acto que discurriu en perfectas condicións, con axilidade, con tranquilidade, e por suposto

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 11/18 |



desexándolle novamente ó señor Presidente electo da Deputación que teña moitos acertos no desenvolvemento do seu labor que, ó longo de catro anos, para unha provincia como a nosa segudamente terá moitas dificultades, e sobre todo temos moitas necesidades..

Sr. Presidente, por parte do Grupo que me toca representar, aínda que eu non son o voceiro, terá vostede toda a corresponsabilidade e responsabilidade para que ese traballo se pode levar adiante. Eu deséxolle a vostede, polo ben da institución e polo ben de toda a provincia, que ese desenvolvemento sexa exitoso e da maneira que poda favorecer a tódolos veciños desta provincia. Polo tanto, señor Presidente, tome posesión do seu asento, e moitísimas grazas”.

Intervén o Sr. Secretario Xeral, para dicir o seguinte:


“Seguidamente Seguidamente o Presidente impondrá ás señoras e señores Deputados/as os distintivos propios do cargo, polo que se vai proceder, de novo, ao chamamento; pregándolles que asinen no Libro de Ouro, que está colocado no atril, e despois se acheguen á mesa da Presidencia para á imposición dos distintivos”.

Efectuada polo Sr. Presidente da Deputación a imposición dos distintivos dos cargos aos señores e señoras Deputados e Deputadas, por parte de D. José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, pronúnciase o seguinte discurso”.

“Membros da Mesa; Sr. Secretario; Señora Alcaldesa de Lugo; Señor Delegado do Goberno de España en Galicia; Señora Subdelegada do Goberno en Lugo; Señor Delegado Territorial da Xunta en Lugo; Señor Presidente da Deputación da Coruña; Señores ex Presidentes da Deputación Provincial de Lugo; Señor ex Alcalde de Lugo; Deputados e Deputadas da Corporación Provincial; resto de autoridades civís e militares; familia; traballadores e traballadoras da Deputación; medios de comunicación; señores e señoras:

Bos días a todos e todas, e moitas grazas por acompañarnos neste acto de Constitución da Deputación Provincial de Lugo.

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV70EOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 12/18 |





É para min unha honra recibir por segunda vez este bastón de mando, que simboliza a Presidencia desta institución, desta Casa común de todos os veciños e veciñas da provincia de Lugo, que eu bauticei como o *Concello dos Concellos*.

Para todos os veciños e veciñas traballamos, a todos eles servimos e ante eles temos a obriga de explicarnos. Porque a política consiste precisamente niso: en xestionar o público e en render contas. Un bo resultado electoral revalida a confianza depositada en nós, pero non nos exime do deber de examinar o feito.

Por iso, comparezo hoxe ante vostedes con sentimentos de alegría, de agradecemento e de compromiso, de firme compromiso cos veciños e veciñas da provincia de Lugo.

Alegría e agradecemento porque os votantes falaron o pasado 28 de maio e fixérono con claridade. Revalidaron a aposta por un Goberno de progreso para a Deputación provincial, aprobando o traballo feito e dando un novo voto de confianza para seguir traballando nese camiño outros catro anos máis.


Así que, gracias ós lucenses, e gracias ós Deputados e Deputadas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego por elixirme cos seus votos como Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Moitas gracias tamén ós compañeiros e compañeiras que me propuxeron, e ós órganos do Partido Socialista que confiaron de novo na miña persoa para este labor tan importante.

Este agradecemento leva implícita a súa propia dose de compromiso e, por suposto, de responsabilidade. Os que me coñecen saben que me gusta ser moi institucional, e iso non vai cambiar.

Os veciños e veciñas renovaron a confianza en nós, non porque pensen que acertamos en todo, senón porque esperan que o fagamos aínda mellor. E ese é o meu compromiso de cara ó futuro: facelo aínda mellor.

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 13/18 |



Encarei o meu primeiro mandato no ano 2019 co firme propósito de normalizar a vida institucional da Deputación. E, entre todos e todas, conseguímolos practicamente dende o primeiro día, devolvendo a estabilidade a esta institución.

Fixémolo nun mandato complexo, no que afrontamos retos literalmente inimaxinables naquel momento, como os provocados pola pandemia da Covid-19, entre outros.

Foron retos ós que tentamos dar resposta do mellor xeito posible, sempre en colaboración leal co conxunto das administracións do Estado e centrados en dar asistencia ós concellos.

E todo iso, cun ritmo de xestión e de execución constante e moi elevado, aplicando, como a min me gusta dicir, unha política de feitos, traballando sempre para cumprir os compromisos adquiridos.

Nestes catros anos alcanzamos unha media de execución dos Orzamentos do 85% do gasto, un nivel que nos sitúa á cabeza das administracións locais en España e nunca vista antes nesta institución.


Estabilidade, rigor, transparencia, xestión e política de feitos. Estes son os valores que guiarán este segundo mandato no que teño a honra de presidir a Deputación Provincial de Lugo.

Un mandato no que daremos un novo impulso ó proxecto de progreso social e económico que temos para a provincia, consolidando para elo a cooperación cos concellos como elemento vertebrador de todas as nosas políticas.

A Deputación é o Concello dos Concellos. Esta é a miña máxima. Por iso, traballaremos cada día para que esta institución sexa o máis útil posible a cada un dos 67 concellos de Lugo, porque esta é a mellor maneira de ser útiles ós 323.989 veciños e veciñas da nosa provincia, e asegúrolles que os datos demostran que somos útiles.

Desenvolveremos unha cooperación aberta e leal cos concellos, volcando todos os recursos posibles –económicos, materiais e humanos– para sacar adiante conxuntamente medidas e

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 14/18 |





proxectos que acerquen os servizos públicos á xente e que contribúan a manter e crear emprego, sobre todo no rural, do que moitos falan, pero na práctica, somos poucos os que facemos algo.

Máis e mellores servizos públicos e máis e mellor emprego. Podemos darlle as voltas que queiramos, pero esta é a única fórmula que nos permitirá afrontar con eficacia o despoboamento, o reto demográfico, sen dúbida, o maior problema que temos na actualidade, non só na nosa provincia, senón en moitas provincias do resto do Estado.

En concreto, hai 27 capitais de provincia que perden poboación, máis da metade das capitais de provincia de España.

Servizos públicos e emprego para que os nosos mozos e mozas se queden na nosa terra, para que poidan facer aquí o seu proxecto de vida e para que os nosos maiores non teñan que marchar para recibir os coidados e a atención que precisan.


Sempre digo que o rural non está baleiro. O rural está cheo de talento, de oportunidades e de ideas. Vémolos cada día nos nosos concellos. E, dende logo, as Administracións Locais somos administracións eficaces para axudar a reter todo ese talento, aproveitar esas oportunidades e desenvolver esas ideas, pero non podemos traballar sós.

As Administracións Locais non podemos seguir sendo os parentes pobres que se sentan nunha esquina da mesa común. O futuro tense que construír sobre concellos fortes, con suficiencia orzamentaria para garantir o acceso ós servizos públicos para todos os veciños, e medios para levar adiante proxectos de transformación social e de creación de emprego.

Non dubido de que sexa necesario revisar o financiamento autonómico, pero teño claro que é moi necesario mellorar o financiamento local.

Os concellos precisamos medios materiais e humanos axeitados ás demandas do século XXI. A Administración autonómica non pode seguir facendo deixadez das súas competencias en sanidade, en educación ou en servizos sociais, porque non hai rural vivo sen escolas, sen mestres, sen centros de saúde, sen centros de atención a maiores, e sen persoal sociosanitario que os atenda.

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 15/18 |



Así mesmo, o Estado debe garantir unha maior participación da administración local nos recursos e nos grandes proxectos de país, cunha maior aportación de fondos transferidos de xeito directo ás facendas locais.

Por iso, o noso compromiso de cara ós catro anos que temos por diante pasa por consolidar a cooperación da Deputación cos concellos, pero tamén por reivindicar o municipalismo e por levar as súas reclamacións ante a Xunta de Galicia, ante o Goberno do Estado e ante as institucións europeas.

Non temos outro interese que o interese dos veciños e veciñas da provincia de Lugo; non temos outro proxecto que impulsar o futuro desta provincia.

Reivindicaremos as nosas necesidades en Santiago, en Madrid ou en Bruxelas, con independencia da cor política do goberno de turno. Porque a provincia de Lugo ten voz propia, e a Deputación é a canle que transmite esa voz cara o exterior.


Por suposto, xunto coa cooperación cos Concellos, traballaremos da man da Universidade, do amplo e rico tecido asociativo co que temos a sorte de contar e cos sectores produtivos para seguir promovendo o futuro da nosa provincia, aproveitando o seu coñecemento e potencialidades.

Quero rematar cun agradecemento ó meu Equipo de Goberno. Un agradecemento para os compañeiros e compañeiras que compartiron a responsabilidade de goberno os pasados catro anos, e para os que o van facer de agora en adiante. A política é un traballo de equipo no que os bos resultados se asentan na complicidade, na lealdade e na capacidade para traballar xuntos.

Desde logo, nunca me atrevería a dicir que son o mellor Presidente da Deputación, pero podo dicir sen equivocarme que tiveron o mellor equipo estes catro anos, e estou convencido de telo de novo na etapa que agora comezamos.

Quero recoñecer tamén o traballo dos deputados e deputadas provinciais da oposición. A democracia é un contraste continuado de opinións, no que as discrepancias xiran en torno ó que

| | | | |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 16/18 |





cada un considera como mellor para o ben común. Dende as diferencias ideolóxicas, creo que foron catro anos nos que o bo tono e mesmo a cordialidade foron a nota dominante nos plenos e na institución, e espero que o siga sendo no futuro.

Gustárame ademais poñer en valor o compromiso, a profesionalidade e o traballo dos traballadores e traballadoras públicos desta Casa, que tiveron a oportunidade de comprobar nestes catro anos e que seguro continuaremos mellorando no mandato que bota andar agora.

As miñas derradeiras palabras son para a miña familia. Porque os que temos a vocación de dedicarnos á xestión do común, do que é de todos, facémolo a costa de non atender tan ben o máis noso, a quen temos máis cerca.

A boa política é unha ocupación absorbente, que demanda moito tempo, moita dedicación, na que faltas da túa casa para atender á casa de todos.


Penso que moitos de nós entramos en política co desexo de que os nosos pais e nais se sintan orgullosos; co desexo de deixar as cousas un pouco mellor para os nosos fillos e netos; e apelando á infinita indulxencia das nosas familias polas moitas horas nas que estamos ausentes. Eu teño a inmensa sorte de contar co respaldo dos meus, que son, ó final, a razón e a guía do meu traballo. Por iso, moitas grazas.

Como fixen sempre na miña vida política, profesional e persoal, comprométome hoxe con todos e todas vostedes, e con todos os veciños e veciñas da provincia de Lugo, a dar o mellor de min nestes próximos catro anos como Presidente da Deputación, con acertos e con erros, pero sempre, sempre, con lealdade, con traballo e con total dedicación, para contribuír a que a nosa provincia siga avanzando e prosperando.

Saúde e moitas grazas”.

Para rematar o acto interprétase o Himno Galego na honra da nova Corporación Provincial.

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 17/18 |



Intervencións:

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20230630&punto=2>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

| | | | |
|----------------------------|---|---------------------|---------------------|
| | IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Fecha y Hora | 07/07/2023 13:40:25 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7OEOSOPI735XEZSBGN552CIA | Página | 18/18 |

